



INSTRUCCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE EDUCACIÓN SOBRE O PROCESO DE ADMISIÓN DO ALUMNADO PARA O CURSO ACADÉMICO 2007-2008.

Por Decreto 30/2007, do 15 de marzo (DOG do 16) régúlese a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e por Orde do 17 de marzo de 2007 (DOG do 19) – corrección de erros no DOG do 4 de abril-, régúlese o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo da educación infantil, primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos.

Resultando necesario concretar algunhas cuestións no proceso de admisión do alumnado para o próximo curso académico 2007/2008, esta Secretaría Xeral,

DISPÓN

Primeiro.- Para os efectos da valoración da renda da unidade familiar prevista no artigo 22.5 da Orde do 17 de marzo de 2007, os interesados e interesadas deberán facer constar a cantidade que figura na casilla 484 da declaración da renda do ano 2005 de cada un dos declarantes da unidade familiar.

Segundo.- Para a aplicación da puntuación da renda da unidade familiar prevista no artigo 30 da orde do 17 de marzo de 2007, utilizarase o Indicador público de renda de efectos múltiples correspondente ao ano 2005, que está cifrado en 5.637,60€ anuais.

Terceiro.- Na solicitude de admisión, concretamente no Anexo II, folia 2, columna “**Puntuación**”, os solicitantes deben cubrir os datos numéricos realizando unha autobaremación. No caso dos centros con máis demanda que oferta de prazas escolares, a Delegación provincial remitirá aos centros, con anterioridade á celebración dos respectivos consellos escolares, os resultados da verificación do domicilio fiscal e da renda da unidade familiar. Os consellos escolares dos centros públicos e os titulares dos centros privados concertados, responsables da baremación e do proceso de admisión, comprobarán a documentación acreditativa dos criterios alegados, revisarán as puntuacións declaradas polo solicitante e procederán a ratificar ou rectificar as puntuacións parciais e total e, se é o caso, a solicitar a documentación complementaria prevista no artigo 21.4 da Orde do 17 de marzo de 2007.

Cuarto.- De conformidade co previsto nos apartados 5 e 6 do artigo 26 do Decreto 30/2007, do 15 de marzo, e no artigo 15.2 da Orde do 17 de marzo de 2007, as direccións dos centros públicos e os titulares dos centros privados concertados porán a disposición da Administración educativa tres postos escolares por unidade para a escolarización do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, nos seguintes cursos: 1º curso do segundo ciclo da educación infantil, 1º curso de educación primaria, 1º curso da educación secundaria obrigatoria e no 1º curso de bacharelato.

Quinto.- De conformidade co establecido no artigo 21.4 da Orde do 17 de marzo de 2007, o domicilio familiar acreditarase mediante **“certificado do padrón municipal”**.

Sexto.- Todas as solicitudes do proceso de admisión do alumnado deberán contar con data e selo de rexistro de entrada e, se é o caso, de saída, que acredite a súa recepción e, se é o caso, remisión, en todos os centros educativos, públicos e privados concertados, de conformidade co establecido no Capítulo III, punto 5, apartado 5.5 da Orde do 22 de xullo de 1997 (DOG do 2 de setembro).

Sétimo.- O artigo 21.3 da Orde do 17 de marzo de 2007 prevé que, excepcionalmente, pode considerarse como domicilio familiar o daqueles familiares cos que o menor efectivamente conviva. Nestes supostos excepcionais non é válida a xustificación do domicilio mediante unha certificación do padrón municipal, sendo requisito imprescindible para a súa consideración a xustificación dunha convivencia real mediante **certificación específica** expedida, para eses efectos, polo concello. Esta certificación específica realizarase a partir de informes da Policía Local ou da Garda Civil.

Oitavo.- Os directores dos centros docentes públicos ou os titulares dos centros privados concertados con máis demanda que oferta entregarán copia das solicitudes para os cursos nos que se produce esta circunstancia, no prazo de 48 horas dende o remate do prazo de presentación das mesmas, na Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria correspondente, coa finalidade de que esta verifique que os datos alegados polos interesados de renda e domicilio familiar son coincidentes cos emitidos pola Axencia Estatal Tributaria.

Noveno.- De conformidade co artigo 17.4 do Decreto 30/2007, do 15 de marzo, os centros públicos adscritos a outros centros públicos, que impartan etapas diferentes, consideraranse centros únicos para os efectos de aplicación dos criterios de admisión. Isto non implica que cando dous ou máis CEIP estean adscritos a un mesmo IES, todos os centros de educación infantil e primaria deban ter a mesma área de influencia.

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2007

O SECRETARIO XERAL

Asdo: Benito Fernández Rodríguez